


# INFORMACIÓN PARA AS FAMILIAS:

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA RESUMIDA 2021-22

# CAAP 4ºESO

<table>
<tr><td>PROFESOR</td><td colspan="3">Mª Cristina Trillo Pereira</td></tr>
<tr><td>CONTIDOS</td><td>1º TRIMESTRE<br>-Técnicas instrumentais básicas. O laboratorio. Material de uso común. Normas de seguridade e hixiene.<br>-A forma de traballar en ciencia: O método científico. Busca e presentación axeitada de información.<br>-Determinación experimental de magnitudes físicas: masa, volume, densidade, temperatura.<br>-Preparación de disolucións. Técnicas de separación de mesturas: filtración, decantación, extracción, destilación...<br>-Biomoléculas presentes en alimentos: determinación de azucres, graxas ou proteínas.</td><td>2º TRIMESTRE<br>- A desinfección: técnicas máis importantes nos diferentes sectores industriais: sanitario, farmacéutico, agrario...<br>-A industria e a contorna. Busca da industria da comarca e explicación dos procesos que nela se levan a cabo.<br>-Conservación medioambiental. Concepto de contaminación e tipos: acuática, terrestre e atmosférica.<br>-Ensaios experimentais para o control de parámetros medioambientais: análise de augas.<br>-Radioactividade e contaminación.<br>-Axenda 21: medidas para a conservación do medio: reciclaxe. Sustentabilidade.</td><td>3º TRIMESTRE<br>-Investigación, desenvolvemento e innovación na industria (I+D+i).<br>-As TIC e o desenvolvemento social e económico mundial.<br>-Desenvolvemento dun proxecto de investigación: A organización dunha viaxe: medidas ecolóxicas.</td></tr>
<tr><td>CUALIFICACIÓN: instrumentos, ponderación, mecanismo de recuperación</td><td colspan="3"><ul><li>Probas obxectivas (exames): 40% (nos exames poderá incluírse unha análise dun texto científico)</li><li>Portfolio (escala de cotexo): 20%</li><li>Traballos de investigación (rúbrica): 20%</li><li>Observación: Interese/traballo diario (libreta de control): 20%</li></ul><ul><li>Haberá, en principio, 1 proba obxectiva por avaliación, normalmente de resposta múltiple.</li><li>Copiar nun exame implica ser cualificado cun “cero” nesa proba.</li><li>Os indicadores de logro da rúbrica empregada na corrección de traballos serán entregados e explicados ao alumnado ao principio de curso.</li><li>Para obter a nota do boletín en cada avaliación procederase a un redondeo final, despois de aplicar todas as ponderacións correspondentes, a partir de 50 centésimas de punto.</li><li>Haberá 1 proba de recuperación por avaliación que non permitirá acadar máis dun 6 a efectos de media para a avaliación, na parte de conceptos.</li><li>A nota final do curso será a media das obtidas nas 3 avaliacións. Para o cálculo desta media teranse en conta as notas das probas realizadas durante todo o curso SEN REDONDEAR.</li></ul></td></tr>
</table>

| | |
|---|---|
| | • Despois da avaliación ordinaria, e durante o mes de xuño de 2022, os que suspendan a materia terán unha proba extraordinaria para intentar demostrar que acadou os mínimos. |
| **PLAN DE LECTURA** | • Farase unha proba de comprensión lectora<br>• Proporase unha serie de libros como lecturas recomendadas, entre as que salientamos:<br>-"Quantic Love". Sonia Fernández-Vidal<br>-"Os dados do reloxeiro". Xurxo Mariño<br>-"Las mentiras de la ciencia". Federico di Trocchio<br>-"Tortilla quemada" 23 raciones de química cotidiana. Claudi Mans<br>- "Contact". Carl Sagan |
| **TIC** | • Promoverase o uso de ferramentas TIC a través da Aula Virtual, na que o alumnado disporá de material complementario, normalmente audiovisual e interactivo, que contribúa á comprensión dos conceptos traballados na aula. |
| **ACTIVIDADES COMPL. E EXTRAESCOLARES** | • O desenvolvemento de actividades extraescolares estará condicionado polas circunstancias excepcionais que se vaian producindo en relación ao Covid. Sempre que sexa viable e seguro, tentarase organizar unha saída ao longo do curso relacionada coa Ciencia. |